



DATOS IDENTIFICATIVOS

Literatura: Pensar a literatura

Materia	Literatura: Pensar a literatura			
Código	V01G180V01202			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Literatura española e teoría da literatura			
Coordinador/a	Romo Feito, Fernando			
Profesorado	Romo Feito, Fernando Suárez Briones, Beatriz			
Correo-e	romo@uvigo.es			
Web	http://fatic.uvigo.es			
Descrición xeral	<p>Afondar nos grandes temas que lle preocupan á teoría literaria contemporánea:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Que é e como distinguir un texto artístico. 2. Que funcións cumpre a literatura no mundo en que vivimos. 3. Como se constrúe o sentido dos obxectos artísticos. 4. A que intereses serven os obxectos artísticos. 			

Competencias de titulación

Código	
A2	Identificar as principais contribucións teóricas nos distintos ámbitos xeográficos, sociais e culturais da literatura do primeiro idioma estranxeiro, desde unha perspectiva que teña en consideración os valores democráticos, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, así como dunha cultura para a paz
A3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos
A4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria
A6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao
A7	Participar en debates e actividades en grupo, desenvolvendo un pensamento autónomo e crítico, realizando contrastes críticos e respectuosos, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural dos países das diversas linguas estranxeiras, de defensa de dereitos fundamentais, de principios de igualdade e de valores democráticos
A8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo
A13	Ampliar o interese polas linguas, a literatura, a cultura, e pola lingüística teórica e aplicada
B1	Que as/os estudantes demostraren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa frecuentemente a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo
B2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo

Competencias de materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Saber apreciar a diferenza estética.	A3 A8	B1
Ser capaces de reflexionar acerca da ontoloxía e función da literatura.	A2 A7	B1
Saber relacionar os textos literarios co seu contexto.	A2	B1
Ser capaces de ler textos de teoría da literatura de orientacións teóricas diversas e situalos na que corresponda.	A4 A13	B1
Comentar textos literarios diversos relacionándoos co xénero a que correspondan e sabendo xustificar esa adscripción.	A4 A8	B2
Ser capaces de expoñer oralmente de forma sintética a súa comprensión dos textos, literarios ou teóricos.	A8	B2
Comentar textos literarios en función das diversas orientacións metodolóxicas.	A4 A6	B2
Ser capaces de facer recensións deles por escrito.	A4 A6	B2

Contidos

Tema	
1. ¿Que é a literatura?	1.1 Respostas históricas a esta pregunta: o concepto de mimesis 1.3. A ruptura romántica
2. Funcións da literatura	2.1. Paideia e hedonismo 2.2. A mirada estética 2.3. A estética do compromiso
3. As disciplinas literarias	3.1. A filoloxía 3.2. Outras disciplinas: teoría, crítica, historia, comparatismo
4. A comunicación literaria	4.1. Os suxeitos da comunicación literaria: oralidade e escritura 4.2 A obra literaria: Condicións simbólicas dos textos literarios. Textualidade. Ficcionalidade. Intertextualidade 4.3. Os xéneros literarios: Épica, lírica, dramática
5. Métodos de estudo da obra literaria	5.1. Autoriais/ da recepción 5.2. Formalismos 5.3. Poéticas sociais 5.4. Postestruturalismo

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	26	52	78
Eventos docentes e/ou divulgativos	2	2	4
Presentacións/exposicións	6	12	18
Titoría en grupo	4	0	4
Traballos de aula	4	8	12
Actividades introdutorias	2	2	4
Traballos e proxectos	6	12	18
Probas de resposta curta	2	10	12

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	O profesorado explicará os temas a tratar na materia.
Eventos docentes e/ou divulgativos	O estudiantado asistirá a conferencias ou a calquera outro evento formativo que se organice na Facultade e teña relación coa materia.
Presentacións/exposicións	Exposición oral do traballo de investigación da materia, poñendo especial énfase na claridade expositiva e no uso dun rexistro lingüístico adecuado á situación.
Titoría en grupo	De preparación dos traballos que deben ser expostos, onde se resolverán todas as dúbidas que poida haber con anterioridade á exposición.
Traballos de aula	Traballos de análise literaria, sobre todo de obras de Shakespeare, sen excluír os "Sonetos".
Actividades introdutorias	Presentación da materia e explicación dos contidos do temario, así como a advertencia sobre os prerequisites para poder ter un resultado exitoso no curso da materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Presentacións/exposicións	O profesorado orientará o alumnado antes de cada exposición pública dun traballo, e antes de cada exercicio o proba explicará os contidos e método de estes en titorías en grupo.
Traballos de aula	O profesorado orientará o alumnado antes de cada exposición pública dun traballo, e antes de cada exercicio o proba explicará os contidos e método de estes en titorías en grupo.
Probas	Descrición
Traballos e proxectos	O profesorado orientará o alumnado antes de cada exposición pública dun traballo, e antes de cada exercicio o proba explicará os contidos e método de estes en titorías en grupo.
Probas de resposta curta	O profesorado orientará o alumnado antes de cada exposición pública dun traballo, e antes de cada exercicio o proba explicará os contidos e método de estes en titorías en grupo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	Valorarase a atención e a capacidade para intervir propoñendo ou rebatendo ideas, ou manifestando dúbidas ou dificultades de comprensión.	10
Eventos docentes e/ou divulgativos	Asistencia a conferencias relacionadas coa materia, que virán seguidas por unha posta en común e debate cando proceda.	5
Presentacións/exposicións	Valorarase a seriedade, a orixinalidade e o uso dunha linguaxe escrupulosamente correcta e precisa.	10
Traballos de aula	Cualificarase o resultado final do traballo na aula: a seriedade e a capacidade crítica. Penalízase o plaxio.	15
Traballos e proxectos	Valorarase a profundidade do tratamento do tema, a orixinalidade (estará penalizada ao máximo a copia) e o uso dunha linguaxe escrupulosamente correcta e precisa.	35
Probas de resposta curta	Cualificarase o nivel de coñecemento da materia, e o uso impecablemente correcto da linguaxe.	25

Outros comentarios sobre a Avaliación

A avaliación será continua, o que implica asistencia, participación e traballos. Se non pode seguir a avaliación continua o alumno/a deberá comunicarllo argumentadamente ao profesorado.

Se o alumno/a prevé a imposibilidade de asistencia ás clases, deberá comunicarllo e xustificarllo ao profesorado.

Nos casos de renuncia á avaliación continua, o alumnado será avaliado mediante proba única, que se celebrará ao final do cuadrimestre en horario de aulas. A proba constará de preguntas e exercicios sobre os contidos e lecturas do programa.

A mesma estrutura terá a proba na segunda edición de actas (xullo).

Na proba da segunda edición de actas, será preciso examinarse da materia íntegra.

Bibliografía. Fontes de información

AGUIAR E SILVA, Vítor Manuel de. *Teoría de la literatura*. Madrid: Gredos, 1979.

AGUIAR E SILVA, Vítor Manuel de. *Teoría da literatura*, vol. I. Coimbra: Livraria Almedina, 1984.

CULLER, Jonathan. *Breve introducción a la teoría literaria*. Barcelona: Crítica, 2000.

EAGLETON, Terry. *Una introducción a la teoría literaria*. México: Fondo de Cultura Económica, 1993.

ESTÉBANEZ CALDERÓN, Demetrio. *Diccionario de Literatura*. Madrid: Alianza, 1996.

GARRIDO GALLARDO, Miguel Ángel. *Introducción a la Teoría de la Literatura*. Madrid: Síntesis, 2004.

Recomendacións

Outros comentarios

É imprescindible coñecer as principais ferramentas informáticas e os medios virtuais.